Justificante de Presentación

Datos del Representante

Documento identificativo:	[redacted] - JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA
Dirección:	Rúa Padre feijoo -local sindical CIG - 3 andar anexo
Localidad:	Vigo 36204 (Provincia: Pontevedra - País: España)
Teléfono de contacto:	[redacted]
Correo electrónico:	[redacted]
Alerta Email:	Si
Alerta Sms:	No

Datos de los Interesados

Datos del Interesado:

Documento identificativo:	[redacted] - Josefa Iglesias de la Campa de la Campa
Dirección:	Rúa Padre feijoo -local sindical CIG - 3 andar anexo
Localidad:	Vigo 36204 (Provincia: Pontevedra - País: España)
Teléfono de contacto:	[redacted]
Correo electrónico:	[redacted]

Datos del registro

Número de registro:	REGAGE26e00092514468
Número de registro provisional:	N/A
Fecha y hora de presentación:	27/10/2026 12:26:47
Fecha y hora de registro:	27/10/2026 12:26:49
Tipo de registro:	Entrada
Oficina de registro electrónico:	Reg. Administración General del Estado
Organismo destinatario:	EA0041724 - Dirección Territorial Inspección de Trabajo y Seguridad Social de Galicia
Organismo raíz:	E05066501 - Ministerio de Trabajo y Economía Social
Nivel de administración:	Administración del Estado

Asunto:	Denuncia falta de información resultados medicións do radon DX
Expone:	O exposto na denuncia anexa
Solicita:	O exposto na denuncia anexa

Documentos anexados

Nombre: DOCUMENTACIÓN RADON DEN. SEGUNDA INSPECCIÓN.pdf
Algoritmo: SHA-512
Huella digital: 2fc34d34e098f17509e0d84c091aee3380fa8a964a224fe07f9ab3ffd0c916456d0e6eb6fb4593f83c3e258e7ba884a6f7ecacaceaaa20171d6cd90255763935

Nombre: Á INSPECCIÓN DE TRABALLO SEGUNDA.pdf
Algoritmo: SHA-512

El presente justificante tiene validez a efectos de presentación de la documentación en este Registro Electrónico y no prejuzga la admisión del escrito para su tramitación. La fecha y hora de este Registro Electrónico es la de la Sede electrónica del Punto de Acceso General (https://sede.administracion.gob.es/). El inicio del cómputo de los plazos que hayan de cumplir las Administraciones Públicas vendrá determinado por la fecha y hora de presentación en el registro electrónico de cada Administración u organismo.

De acuerdo con el art. 31.2b de la Ley39/15, a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación en un día inhábil se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil.

De acuerdo con el Art. 28.7 de la Ley 39/15, el interesado de esta solicitud se responsabiliza de la veracidad de los documentos que presenta.

El presente justificante tiene validez a efectos de presentación de la documentación en este Registro Electrónico y no prejuzga la admisión del escrito para su tramitación. La fecha y hora de este Registro Electrónico es la de la Sede electrónica del Punto de Acceso General (https://sede.administracion.gob.es/). El inicio del cómputo de los plazos que hayan de cumplir las Administraciones Públicas vendrá determinado por la fecha y hora de presentación en el registro electrónico de cada Administración u organismo.

De acuerdo con el art. 31.2b de la Ley39/15, a los efectos del cómputo de plazo fijado en días hábiles, y en lo que se refiere al cumplimiento de plazos por los interesados, la presentación en un día inhábil se entenderá realizada en la primera hora del primer día hábil siguiente salvo que una norma permita expresamente la recepción en día inhábil.

De acuerdo con el Art. 28.7 de la Ley 39/15, el interesado de esta solicitud se responsabiliza de la veracidad de los documentos que presenta.

Confederación Intersindical Galega

A INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL DE GALIZA

D.ª **Josefa Iglesias de la Campa**, con DNI[redacted], na súa condición de delegada de prevención en representación da Central Sindical CIG, comparece ante esta Inspección e, como mellor proceda,

EXPÓN

PRIMEIRO. — Obxecto da denuncia.

Esta representación sindical vén solicitando á Dirección Xeral de Xustiza o acceso aos resultados das medicións da concentración de gas radon realizadas nos primeiros edificios xudiciais de Galicia nos que se levaron a cabo estes controis, sen que ata o momento se facilitase a información solicitada.

Tendo en conta que as medicións se están a realizar progresivamente no conxunto dos edificios xudiciais de Galicia e que xa se dispón de resultados dalgúns dos centros avaliados, consideramos necesario que a Dirección Xeral de Xustiza facilite esta información a esta representación sindical, co fin de coñecer os niveis de concentración detectados e valorar a necesidade de adoptar as medidas preventivas ou correctoras que procedan para garantir a saúde e a seguridade do persoal.

SEGUNDO. — Existencia de medicións e falta de acceso aos resultados.

Na última reunión do Comité de Seguridade e Saúde, (30/06/2026) o director xeral de Xustiza manifestou, segundo consta no borrador da acta, que xa se iniciaran as análises de radón e que os resultados dispoñibles non presentaban datos alarmantes. Así mesmo, indicou que eran necesarios estudos complementarios e que os datos se farían públicos unha vez completadas as comprobacións.

Porén, a realización de novos estudos ou a necesidade de completar a avaliación técnica non xustifica, por si mesma, que se denegue o acceso aos resultados das medicións xa realizadas e á documentación preventiva dispoñible.

A afirmación de que os resultados preliminares non son alarmantes non permite coñecer as concentracións detectadas en cada centro ou espazo, nin comprobar

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.27 11:47:56 +01'00'

se os datos foron incorporados á avaliación de riscos e se procede adoptar medidas preventivas.

Por iso, esta denuncia céntrase na negativa a facilitar a información existente, sen cuestionar a realización de novas medicións cando resulten necesarias.

TERCEIRO. — Incumprimento das obrigas de información e acceso á documentación preventiva.

O artigo 18 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece a obriga de informar as persoas traballadoras sobre os riscos para a súa seguridade e saúde e sobre as medidas de protección e prevención aplicables. Cando existen representantes dos traballadores, a información preventiva debe facilitarse a través deles, sen prexuízo da información directa que corresponda a cada persoa traballadora sobre os riscos específicos do seu posto.

O artigo 23 da mesma lei establece a obriga de elaborar e conservar a documentación preventiva correspondente, incluídos os resultados dos controis periódicos das condicións de traballo que resulten aplicables.

Pola súa banda, o artigo 36.2.b) recoñece expresamente aos delegados de prevención o dereito de acceso á información e documentación relativa ás condicións de traballo necesaria para o exercicio das súas funcións, incluída a prevista nos artigos 18 e 23, coas limitacións legalmente establecidas.

Así mesmo, os artigos 14 e 16 da citada lei recollen o dereito a unha protección eficaz fronte aos riscos laborais e a obriga de avaliar os riscos e planificar a actividade preventiva.

En relación específica coa exposición laboral ao radon, o Real decreto 1029/2022, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento sobre protección da saúde contra os riscos derivados da exposición ás radiacións ionizantes, establece no artigo 72 un nivel de referencia de 300 Bq/m³ para a concentración media anual de radón en aire. Os artigos 75 e 76 regulan, respectivamente, as obrigas de estimación da concentración media anual nos lugares de traballo incluídos no seu ámbito de aplicación e os requisitos para realizar esa estimación. O artigo 76.3 establece, ademais, que o informe cos resultados estará á disposición do traballador e das autoridades competentes que indica o precepto.

En consecuencia, considérase necesario comprobar se a Dirección Xeral de Xustiza está a cumprir as súas obrigas de información e documentación preventiva e se a negativa a facilitar os resultados ás persoas lexitimadas para acceder a eles se axusta á normativa aplicable.

POR TODO O EXPOSTO, SOLICITO Á INSPECCIÓN DE TRABALLO E SEGURIDADE SOCIAL

Confederación Intersindical Galega CIG XUSTIZA

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.27 11:48:27 +01'00'

PRIMEIRO. Que admita esta denuncia e investigue a negativa da Dirección Xeral de Xustiza a facilitar os resultados das medicións de radón realizadas nos centros de traballo da súa competencia.

SEGUNDO. Que comprobe a existencia dos informes e resultados das medicións efectuadas e determine se a súa non entrega aos delegados de prevención vulnera o dereito de acceso á información e documentación preventiva recoñecido no artigo 36.2.b) da Lei 31/1995.

TERCEIRO. Que comprobe o cumprimento das obrigas de información ás persoas traballadoras previstas no artigo 18 da Lei 31/1995, en relación cos posibles riscos derivados da exposición ao radon e coas medidas preventivas aplicables.

CUARTO. Que, de constatarse incumprimento, requira á Administración para que facilite aos delegados de prevención a documentación e os resultados das medicións xa realizadas aos que legalmente teñan dereito de acceso, sen supeditar necesariamente esa entrega á finalización de estudos complementarios.

QUINTO. Que verifique se os resultados dispoñibles foron incorporados á avaliación de riscos laborais e se se adoptaron ou planificaron as medidas preventivas que correspondan, de acordo coa normativa aplicable.

SEXTO. Que, se se aprecian infraccións, se adopten os requirimentos e as actuacións inspectoras que procedan, incluída, de ser o caso, a colaboración co Consello de Seguridade Nuclear nos termos legalmente previstos.

SÉTIMO. Que se teñan por achegados os documentos que acompañan esta denuncia, en particular as denuncias anteriores e o borrador da acta do Comité de Seguridade e Saúde, e se permita achegar posteriormente a acta definitiva e a documentación complementaria pertinente da que se dará traslado no próximo cómite de seguridade e saúde.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

1. Copia do borrador da acta do 30/06/2026
2. Denuncia presentada ante a Dirección Xeral sobre o acceso a información sobre as medicións de gas radon.de data 10/06/2026 e xustificante de presentación.
3. Denuncia presentada ante a Dirección Xeral spbre solicitude de información relativa ás medicións de gas radon nos edificios xudicias de Galicia e xustificante de presentación..

Confederación Intersindical CIG XUSTIZA Galiza

Firmado digitalmente por JOSEFA IGLESIAS DE LA CAMPA - [redacted]
Fecha: 2026.10.27 11:49:19 +01'00'